



Sr. Secretario Xeral de Calidade e
Avaliación Ambiental
Consellería de Medio Ambiente,
Territorio e Infraestruturas
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN, en relación coa Consulta sobre contido do Estudio de Avaliación de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Salgueiras (Ponteceso, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0063,

EXPÓN:

1. Que, de acordo co "*Documento de inicio*" e coa Directiva 92/43/CEE, o proxecto non afectaría a hábitats de conservación prioritaria na Unión Europea.
2. Que, de acordo co "*Documento de inicio*", coas categorías contempladas nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas (Decreto 88/2007) e no Anexo I da Directiva Aves o proxecto podería afectar a 11 especies de vertebrados catalogadas (*Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*, *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*, *Rhinolophus ferrumequinum*).

Por todo o cal,

SOLICITA:

Que o Estudio de Impacto Ambiental do proxecto Parque Eólico Salgueiras (Ponteceso, A Coruña), promovido por NORVENTO, S.L., clave 2011/0063:

1. Avalíe os posibles efectos sinérxicos e acumulativos co Parque Eólico Corme G-3 situado a menos de 2 km de distancia.
2. Avalíe con detalle e rigor as posibles afeccións do proxecto sobre as especies incluídas no anexo I da Directiva Aves, nos Libros Vermellos estatais e no Catálogo Galego de Especies Ameazadas presentes na zona e contemple a adopción de medidas mitigadoras:
 - a. *Chioglossa lusitanica*, *Hyla arborea*, *Rana iberica*: mortandade nos viais de acceso por atropelo e atrapamento en gabias, taxeadas, pasos canadienses, etc.
 - b. *Circus pygargus*, *Falco peregrinus*, *Caprimulgus europaeus*, *Lullula arborea*, *Sylvia undata*, *Lanius collurio*, *Pyrrhonorax pyrrhonorax*, *Rhinolophus ferrumequinum*: mortandade por impacto cos aeroxeneradores e perturbacións sobre a súa utilización dos hábitats na contorna do parque eólico durante todas as fases do ciclo vital.
 - c. Contemple a inclusión de todas as medidas preventivas e/ou correctoras recomendadas nos Plans de conservación de especies ameazadas que teña elaborados (ou en elaboración) a Xunta de Galicia de acordo co previsto nos artigos 15 e 16 do Decreto 88/2007.



Sociedade Galega de Historia Natural

Dende 1973 estudiando, divulgando e defendendo o medio natural galego

Presidencia

Apartado de Correos nº 330 ; 15780 SANTIAGO DE COMPOSTELA

<http://www.sghn.org> e-mail: sghn@sghn.org

3. Avalíe a mortandade de anfibios, réptiles, aves e mamíferos nos viais de acceso (atropelo e atrapamento en gabias, taxeas, pasos canadienses, etc.) e a adopción de medidas eficaces para mitigala.

En Santiago de Compostela, a 25 de maio de 2011